



MEMORIA DE ACTIVIDADES DO ANO 2022

Unidade de Cultura Científica

Universidade de Vigo

Ao longo do 2022, a UCC+i da Universidade de Vigo estivo implicada na execución do Plan de actividades Ciencia de Ida e Volta, que conta coa colaboración Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología – Ministerio de Ciencia e Innovación.

Concretamente, puxéronse en marcha as seguintes accións de divulgación científica:

- **Exposición itinerante “100 lunas cuadradas”**. Organizamos o traslado e montaxe da exposición nos campus de Ourense, Vigo e Pontevedra entre decembro de 2021 e xuño de 2022.
- Organizamos un **curso en liña sobre “Claves para o vídeo divulgativo perfecto”** e convocamos o **I Concurso de Youtubers Científicos** da Universidade de Vigo.
- **11F na UVigo**. A UCC+I xestionou a realización de 58 charlas en 36 centros educativos de toda Galicia por parte de persoal investigador con motivo do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. Con motivo desta data, organizamos unha charla interxeneracional de catro investigadoras en diferentes etapas profesionais. Ademais, a UCC+I colaborou na organización da iniciativa **Elas Fan CienTec**, un programa de obradoiros científicos e tecnolóxicos para rapazas de secundaria que contaron coa participación de preto de 200 nenas de catro centros educativos da provincia de Pontevedra. Igualmente, a finais de ano comezouse a organización das vindeiras edicións 2023 destas iniciativas.
- **Expo-feira científica “A ciencia que vén ten nome de muller”**. Tratouse dun evento de divulgación e de fomento das vocacións científicas. Nesta actividade tivo especial importancia o papel da muller na ciencia. Pola mañá houbo unha visita pechada de 84 escolares de 5º e 6º de Primaria e, pola tarde, estivo aberto ao público xeral (acudiron máis de 500 persoas).
- Elaboramos e difundimos unha serie de catro **podcasts** en conxunto co medio de divulgación científica GCiencia con motivo do Día Mundial da Saúde.
- Produción de 14 **vídeos divulgativos** sobre grupos de investigación e áreas de traballo da Universidade de Vigo que difundimos en redes sociais.
- **Obradoiros “Astrofamilias”**. Realizamos un evento de divulgación científica co que se pretendeu achegar o mundo da astronomía dun xeito ameno e sinxelo ao público xeral e que contou coa colaboración do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico.
- **Embaixadores de ciencia e coñecemento** co Programa de Universitario de Maiores (PUM). Organizáronse emparellamentos de alumnado do PUM con persoal investigador para preparar unha charla que presentaron en público en cafeterías de Vigo, Ourense e Pontevedra.

- Elaboramos e difundimos unha serie de cinco podcasts en conxunto co medio de divulgación científica GCiencia con motivo do Día Mundial dos Océanos.

Ademais do plan Ciencia de Ida e Volta, durante todo o ano xestionáronse diversas **campañas de branded content** en medios de comunicación como Galicia Confidencial, GCiencia, Radio Vigo, Onda Cero ou Diario de Pontevedra, ademais de incentivar e coordinar a participación do persoal investigador na plataforma **The Conversation** (36 artigo de preto de 34 autores).

Tamén rematamos a distribución entre centros escolares de toda Galicia dos exemplares da publicación **“Quero ser investigadora”**, realizada pola UCC+I, e publicamos e presentamos a segunda edición da publicación, da que comezamos a difusión por colexios e institutos da nosa comunidade. Con tal motivo, organizamos para o alumnado de 1º a 6º de primaria do CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro de Vigo unha charla con Nieves Lorenzo, unha das protagonistas de **“Quero ser investigadora II”**, achegando así o traballo da investigadora e a ciencia a preto de 300 cativos.

A UCC+i volveu coordinar a organización do proxecto da **G-Night** (Noite Galega das Persoas Investigadoras). Esta iniciativa encheu as cidades de Vigo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol e Lugo de actividades de divulgación científica. A Universidade de Vigo, a través da UCC+i, coordinou este evento en Galicia. Desde a UCC+i xestionouse a comunicación xeral do proxecto e se organizaron as actividades (feira científica, conferencias divulgativas, charlas en bares, paseos científicos, etc.) que a Universidade de Vigo realizou o 30 de setembro en Vigo, Ourense e Pontevedra, ademais de charlas divulgativas en centros escolares anteriores á esta data.

Asimesmo, durante o ano a UCC+I mantivo actualizadas as súas **RRSS** (Facebook, Twitter, Instagram, LinkedIn e YouTube) xunto coa **web** da unidade e realizou diferentes pezas audiovisuais sobre a Universidade de Vigo.

Por último, iniciou o seu **Plan Anual de actividades 2022-2023 “Ciencia de Ida e Volta”**, que conta coa colaboración da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología – Ministerio de Ciencia e Innovación. Dentro do mesmo organizouse una **actividade formativa** para persoal investigador o 30 de novembro e 1 de decembro que contou con 40 prazas.